

FÍSICA E QUÍMICA

1º BACHARELATO - CURSO 2014-15

A materia está dividida en dous bloques: Química (primeira avaliación e inicio da segunda) e Física (final da segunda avaliación e terceira avaliación).

Realizaranse tres exames de cada bloque:

Química:

- Estrutura da materia e enlace químico. **(1ª Avaliación)**
- Moles. Estados de agregación e disolucións. **(1ª Avaliación)**
- Reaccións químicas: estequiometría, cinética, enerxía das reaccións e equilibrio. **(2ª Avaliación)**

Física:

- Cinemática. **(2ª Avaliación)**
- Dinámica. **(3ª Avaliación)**
- Enerxía mecánica e calor. **(3ª Avaliación)**

- Os exames terán unha cualificación positiva cando obteñan unha nota maior que 4,5.

- Cando nun dos bloques algún/a alumno/a teña un exame cunha cualificación negativa e cunha nota de 4 ou superior, non terá que recuperalo se a media dos exames do bloque é superior a 4,5.

- Os/as alumnos/as terán que recuperar todos os exames cunha nota menor de catro se queren superar a materia.

- Os exames serán puntuados sobre 10. Cada exame levará na parte inferior o valor outorgado a cada pregunta e apartado. De non aparecer especificado o valor de cada pregunta, entenderase que todas puntúan o mesmo.

- Os erros coas unidades serán penalizados con 0,25 puntos se están mal escritas e con 0,5 puntos se non se indican ou son incorrectas.

- Os erros numéricos de cálculo que carezan de significado físico serán penalizados con 0,25 puntos.

- Aqueles/as alumnos/as que teñan nun bloque tódolos os exames cunha cualificación dun 4 ou superior e a media non acade o cinco poderán superar o bloque se non teñen faltas de asistencia inxustificadas e súa actitude na clase foi positiva durante o curso.

- O alumnado que sexa descuberto copiando nun exame terá no mesmo unha cualificación de cero.

- As datas dos exames serán fixadas pola maioría da clase nunha votación. Unha vez determinada a data do exame, está só poderase cambiarse por unanimidade.

- O profesor ten a obriga de amosar ao alumnado todos os exames corrixidos nas tres clases seguintes á súa realización, sempre que non o impidan causas xustificadas.

- A cualificación da avaliación será a media dos exames realizados na mesma, realizándose o redondeo á alza se o traballo do alumno ao longo do período se considera positivo.

- A cualificación final da materia será a media dos exames realizados durante todo o curso, realizándose o redondeo á alza se o traballo do alumno ao longo do período se considera positivo.

- O exame extraordinario de setembro será único para todo o alumnado, independentemente dos exames suspendidos durante o curso. Para superar o exame será necesario que a media entre os dous bloques sexa superior a 4,5.

- A Programación da materia e os seus Contidos Mínimos serán expostos na páxina web do centro.

-Os/as alumnos/as que non poidan presentarse a un exame na data prevista terán dereito a facelo noutra data sempre que presenten unha xustificación documentada.

Adso.: Luís G. Rodríguez Taboada